



NOTA DE PRENSA

GÓMEZ BESTEIRO ESIXE A NÚÑEZ FEIJÓO "COMPROMISO" E UNHA "POSICIÓN DE FORZA" ANTE O GOBERNO DO ESTADO PARA DEFENDER A ESTACIÓN INTERMODAL E O AVE A LUGO

O Presidente da Xunta non contestou no Parlamento a ningunha das preguntas do PSdeG sobre que xestións fixo para reactivar o proxecto, se coñecía que fora paralizado ou se financiará, como prometera, a Alta Velocidade á provincia lucense

Feijóo demostra que "está nunha dinámica de fuxida e que lle dá as costas ós galegos, en vez de defender os seus intereses fóra de Galicia, como lle reclamamos os socialistas", recalcou o secretario xeral

Lugo, 12 de marzo de 2014. O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, esixiu este mércores ó Presidente da Xunta "compromiso" e "unha posición de forza" diante do Goberno do Estado para defender a continuidade do proxecto da Estación Intermodal de Lugo e a chegada do AVE á cidade, infraestruturas paralizadas por unha decisión do Ministerio de Fomento que tardou en dar a coñecer á cidadanía 16 meses.

Gómez Besteiro fixo estas declaracións despois de que Núñez Feijóo non contestase esta mañá no Parlamento a ningunha das preguntas dos socialistas sobre que xestións fixo para reactivar a Intermodal, se esixiu da ministra de Fomento un compromiso firme que garanta o proxecto, se coñecía ou non a paralización da infraestrutura ou se vai cumprir o seu compromiso de financiar con fondos da Xunta a Alta Velocidade, unha vez que o Executivo de Rajoy renunciou.

O Presidente autonómico "tivo hoxe no Parlamento a oportunidade de defender a Estación Intermodal, e nin sequera mencionou esa palabra", o que pon de manifesto "que está nunha dinámica de fuxida, de falta de compromiso e sobre todo de ocultación", subliñou o líder dos socialistas galegos.

Feijóo dálle as costas os galegos

A actitude de Feijóo, engadiu Besteiro, fai que "cada vez haxa máis xente en Galicia que pensa que o Presidente da Xunta lle dá as costas ós problemas dos galegos: fíxoo coa reforma eléctrica, coa distribución da PAC, e faino co reparto das cotas pesqueiras e coa Estación Intermodal de Lugo".

Neste senso, Gómez Besteiro recalcou que dende o PSdeG "non permitiremos" que a resposta do PP sexa que esta infraestrutura se acometerá "cando se



Partido dos Socialistas de Galicia
Comisión Executiva Nacional Galega
Oficina de Prensa
Rúa do Pino, 1-9 baixos
15704 Santiago de Compostela
Tfno. 981552030 Fax: 981588708

poida". "Non estamos para iso, senón para acordar e deseñar o futuro de Galicia, e iso supón compromiso", explicou o secretario xeral, incidindo en que o PSdeG "xa lle ofreceu reiteradamente ó Presidente da Xunta que temos que defender os intereses de Galicia fóra de Galicia, algo que non está a facer".

Saúdos. Comunicación PSdeG-PSOE